



1. PUBLICACIÓN DE CONTIDOS NA REDE

Precoñecemento

No século XV, un mozo movido posiblemente polo ímpeto da idade ou por estar inmerso no optimismo científico do Renacemento europeo, afirmou posuír todos os coñecementos que era posible saber nese momento. Escribiu un libro no que presentaba 900 afirmacións de carácter filosófico e pediu ás persoas máis sabias do mundo que as debatesen con el.

Este humanista e pensador italiano chamábase [Giovanni Pico della Mirandola](#) e por este atrevemento foi excomungado e tivo que fuxir e ocultarse en diferentes países ata a súa morte aos 31 anos.

Parece evidente que na actualidade resulta imposible para unha soa persoa posuír todos os coñecementos que atesoura a humanidade. A verdade é que, nin todos nin sequera unha pequena parte. A información cambia de xeito continuo, espállase a multitude de ámbitos e resulta difícil, até nunha parcela concreta e particular do coñecemento, chegar a saber todos os datos relacionados con esa cuestión.

Por este motivo os libros de texto, na actualidade, supoñen unha certa limitación para a actualización da información que se lle transmite ao alumnado, e o profesorado precisa incorporar continuamente contidos que completen a información que se está a analizar na súa materia durante o curso.

A Internet é un recurso que facilita ao profesorado esta tarefa de actualización dos contidos e por ese motivo, neste curso vanse a revisar algunhas ferramentas que che poderán ser útiles para transmitir información educativa de maneira rápida, clara e actualizada.

1.1.- *Xeitos de transmitir información.*

O eixe fundamental deste curso é o coñecemento e utilización de ferramentas da rede que permitan a transmisión de información ao alumnado, aínda que estas ferramentas poidan ter outras posibilidades de uso dentro das aulas.

Coas múltiples ferramentas que existen e que permiten transmitir contidos educativos pódense facer tres grandes agrupamentos:

- Os Repositorio de documentos. Seguramente foi a primeira ferramenta empregada polo profesorado e quizais a que sigan a empregar moitas persoas. Dentro deste apartado estarían todos aqueles sistemas que permiten almacenar documentos de diferente tipo e enviarllos ao alumnado, e eventualmente recoller tamén documentos do alumnado, desde pendrives, discos duros virtuais, correo electrónico ou sistemas de FTP.
- Os Sistemas de Xestión de Aprendizaxe (LMS). Son programas deseñados especificamente para a xestión de cursos educativos en liña, como este que estás a facer. Teñen de seu moitas das ferramentas que podemos atopar de maneira illada (ferramentas que permiten colgar documentos, facer cuestionarios, poñer vídeos, etc.) e tamén permiten integrar as que están creadas de maneira externa con programas específicos (como poden ser exelearning, ardora, lim, etc.) e por suposto facer ligazóns a documentos que existen en páxinas externas (youtube, issuu, vimeo, etc.). Un dos LMS máis populares é Moodle que é o que emprega a Consellería de educación e no que estás a facer este curso.
- O emprego de ferramentas da rede. Neste apartado poderíamos incluír todas as ferramentas que ofrece a rede e que poden ser empregadas con intención educativa, aínda que habitualmente non foron deseñadas con esa finalidade. As máis frecuentemente empregadas no ensino son: os blogs, os wikis, as páxinas web, as ferramentas de edición de imaxes, redes sociais, etc.

Cada un dos tres sistemas ten as súas vantaxes e inconvenientes, que poden depender fundamentalmente da complexidade do seu emprego, do control que se pode ter sobre o

seu deseño, da flexibilidade no uso, da privacidade ou publicidade da información, etc. Ademais os tres sistemas non son incompatibles e poden empregarse diferentes ferramentas en función das necesidades educativas puntuais.

Neste curso imos analizar e aprender a darlles un uso educativo a algunhas das ferramentas que se inclúen no terceiro destes sistemas.

1.2.- Respectando a accesibilidade.

A educación é un dereito universal, é dicir, todo o mundo debe poder acceder a ela, por este motivo os materiais educativos deben estar ao alcance de todas as persoas sen límites impostos polas súas condicións económicas, de discapacidade ou de calquera outro tipo. Até non hai moito, habitualmente cando se falaba de acceso á educación estíbese a pensar fundamentalmente no acceso físico ás escolas, ramplas, ascensores, etc. pero, na actualidade a educación non só se sitúa en espazos físicos, sitúase tamén en espazos virtuais, polo que cando se fala de accesibilidade, parece que pensamos en primeiro lugar nos recursos informáticos. Isto implica que os materiais que se elaboren para seren publicados na rede deben permitir tamén o acceso a todas as persoas. Este dereito de acceso universal aos materiais educativos, ademais de supoñer unha demanda universal, está regulamentado no Estado español na [Lei 34/2002 de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico](#) na que se sinala que as páxinas web da Administración pública ou financiadas por ela deberán ser accesibles para as persoas con discapacidade ou idade avanzada.

Esta accesibilidade soe estar regulada por uns estándares establecidos pola [W3C](#), e que para os materiais educativos que se realicen para ser publicados na rede deberán cando menos reunir os seguintes requisitos:

- Os textos deben ser claros e sinxelos.
- As páxinas deben ter recursos e orientacións claras para a navegación.
- Débese proporcionar información sobre o contexto e orientacións.
- As imaxes deben incorporar información textual alternativa que describa o que se ve nelas.
- Os arquivos de audio e de vídeo deberán levar unha subtitulación ou transcripción textual.

Se queres coñecer de maneira máis ampla as pautas de accesibilidade no deseño dos materiais web podes visitar a páxina da W3C.

(<http://www.w3c.es/Traducciones/es/WAI/intro/accessibility>)

1.3.- Ferramentas para transmitir información.

Como xa sinalamos, neste curso imos analizar recursos que existen na rede e que podemos empregar para transmitir información ao alumnado.

En primeiro lugar imos analizar tres tipos de recursos que se poden empregar para transmitir información ao alumnado, cando esta vai ocupar unha grande extensión, referímonos a:

- Sites
- Blogs
- Wikis

Para seleccionar cal destes tres tipos de recursos é o que che pode resultar máis útil no traballo educativo, deberías considerar as seguintes cuestións:

- O nivel de coñecemento que posúes do uso de cada un deles.
- As potencialidades de cada un ofrece e o axuste co teu sistema de traballo educativo.
- E, sobre todo, manter un espírito flexible ante as cambiantes circunstancias dos coñecementos e dos recursos, xa que as potencialidades dunha ferramenta poden variar con pequenas modificacións que se lle introducen en diferentes versións.

A perspectiva da análise que se vai facer céntrase na transmisión da información do profesorado ao alumnado, pero estes recursos que estamos a ver teñen moitas outras posibilidades educativas, como o feito de que sexa o propio alumnado o que os empregue para enviar información, ou o xeito de traballo con outros profesionais ou outros centros educativos, etc.

É probable que o texto que queiras incluír na túa web o escribas previamente cun procesador de texto, e incluso que teñas documentos de texto que se poidan descargar nese formato, por ese motivo, aínda que as orientacións presentadas neste curso fan referencia unicamente a materiais realizados con recursos da rede, aquí podes atopar un tutorial para empregar o Writer de Libre Office.

(<http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1404894960/contido/writer/index.html>)

1.4.- Crear un site.

Precoñecemento

Frecuentemente empregamos os termos Internet e web como sinónimos, pero aínda que están moi relacionados, son distintos. A Internet é un sistema que enlaza a boa parte das redes que existen no mundo, como a que podemos ter na nosa casa ou no centro educativo e que comunica a varias computadoras ou algúns servizos da telefonía móbil. A súa orixe está situada nos anos 1960 dentro dos programas do exército norteamericano durante a guerra fría. Polo contrario, a web ou www é o sistema para acceder a Internet, non é o único sistema pero si o máis popular. Creouno en 1990 [Tim Berners-Lee](#) e está baseado no emprego de protocolos de hipertexto (http) e nunha linguaxe de mercado (html) entre outros elementos.

En 1994 [Xabier Rodríguez](#) crea a primeira páxina web integramente en galego e na actualidade existen preto de 100000 páxinas no noso idioma, ocupando o posto 37 do mundo en número de páxinas web.

Os enderezos das páxinas web soen comezar indicando que empregan o protocolo de hipertexto e que utilizan a web, é dicir que o habitual é que o enderezo dunha páxina teña no comezo a expresión <http://www>. e posteriormente o nome identificativo da páxina web.

Crear unha páxina web ou site era un proceso que requiría uns coñecementos técnicos para escribir na linguaxe html, o que supoñía unha limitación para a súa creación por parte do público non especializado en cuestións informáticas, mais hoxe en día existen multitude de servizos que achegan esta tarefa a calquera persoa cun nivel de coñecementos a nivel de usuario dos recursos informáticos e que non teña coñecementos de linguaxe html.

Se tes interese en deseñar completamente a túa páxina web, existen editores de linguaxe html gratuítos e non excesivamente complicados que se poden descargar e instalar na computadora para crear as nosas propias páxinas web, como por exemplo Kompozer. Pero, non te asustes, neste curso o que se vai presentar é o servizo de creación de páxinas web de Google Sites, que non precisa instalación e é moi doado de empregar.

Se queres ter máis información sobre o galego na Internet, podes ler o artigo *A lingua galega en Internet* de Xavier Gómez Guinovart da Universidade de Vigo.

(<http://webs.uvigo.es/sli/arquivos/internet.pdf>)

1.5.- Crear un blog.

Os blogs son un tipo de páxina web que reúnen unha serie de características particulares:

- Teñen a intención de ser una publicación actualizada, de maneira que cada período relativamente curto de tempo engade algunha información nova denominada post.
- Admiten comentarios das persoas que os len. É o que lle dá o seu carácter dinámico, pasando da comunicación unidireccional que presentan as páxinas web tradicionais a outra bidireccional.
- Teñen un carácter marcadamente persoal, e aínda que sexan dunha escola parece pesar máis o seu carácter informal e dinámico que o institucional, polo que é máis habitual empregalas para o traballo dunha aula ou dun proxecto concreto.

De maneira algo simplificada pódese dicir que unha páxina web, debido ao seu carácter máis estático sería máis aconsellable para transmitir información do profesorado ao alumnado de carácter relativamente permanente. Polo contrario, un blog sería un recurso máis aconsellable cando se espera unha resposta por parte das persoas que o len, e cando o proceso de construción do blog é un elemento tan relevante como o contido mesmo que presenta.

Existen multitude de servizos que permiten crear blogs de xeito gratuíto, pero neste curso vanse analizar os dous máis empregados:

- [Blogger](#).

•[Wordpress](#).

O número de páxinas web e de blogs varía continuamente. Nesta páxina podes atopar información sobre o número de páxinas que hai no mundo e a variación que se produce cada mes. (<http://www.worldwidewebsize.com/>)

1.6.- Crear un wiki.

Un tipo particular de páxina web é a que está especialmente orientada á realización de traballo cooperativo dentro da escola. A relevancia deste tipo de traballo cooperativo xa se destacaba desde principios do século pasado por diferentes teorías pedagóxicas. Pero non será até os anos 1990 cando a lexislación educativa do Estado español inclúa entre os seus obxectivos a cooperación como unha conduta que é necesario adquirir no ámbito escolar, indicando que o alumnado debe practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos.

En 2006, coa aprobación da Lei Orgánica de Educación, é cando se incorporan as competencias básicas no currículo. Unha das oito competencias básicas é a competencia social e cidadá, que debe permitirlle ao alumnado comprender a realidade social e cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural e contribuír á súa mellora.

Para que o alumnado poida aprender a cooperar é necesario traballar esta competencia na educación infantil e na educación básica e posteriormente continuar a desenvolvela no resto de niveis educativos.

Precoñecemento

En 1995 incorporouse no noso vocabulario escolar unha simpática palabra hawaiana: wiki. [Ward Cunningham](#) empregouna por primeira vez para definir unha páxina web que pode ser editada, corrixida, modificada ou ampliada por diferentes persoas, e polo tanto construída colaborativamente, tanto entre o profesorado e o alumnado como por grupos constituídos só por profesorado ou por alumnado.

A aplicación wiki máis coñecida do mundo é a wikipedia, que na nosa lingua xa posúe máis de 110000 artigos e máis de catro millóns e medio en inglés.

Os wikis son un recurso educativo moi interesante, xa que a edición é moi doada, similar a calquera procesador de textos, e permite empregala na aula incluso cos rapaces máis

novos. Un dos inconvenientes que pode presentar é o borrado accidental por parte dunhas persoas do traballo realizado por outras.

Se traballas con Moodle verás que este LMS ofrece un wiki interno, pero neste curso se analizarán dúas ferramentas para a creación de wikis que se poden atopar na rede e que son de uso gratuito:

- [Wikispaces](#).

- [PBworks](#).

1.7.- Ferramentas.

A continuación poderás ver unha reseña dalgúns dos servizos que che van permitir crear páxinas web, blogs ou wikis.

- Google Sites.
- [Blogger](#).
- [Wordpress](#).
- [Wikispaces](#).
- [PBworks](#).

Verás que a tarefa que é necesario realizar para este bloque é crear unha páxina web, un blog ou un wiki, polo que deberías analizar cada unha das ferramentas que se presentan a continuación para ver as posibilidades que poden achegarte ao teu xeito de traballar na aula e seleccionar a que máis se axuste a ela.

Moitas das ferramentas que se van analizar nos seguintes bloques poderanse ir incrustando no servizo que agora crees.

As ferramentas que presentamos para este apartado son, posiblemente, as máis empregadas, pero existen outras moitas. Nesta páxina podes atopar orientacións sobre creación de blogs, wikis e páxinas web empregando as ferramentas deste curso e outras moitas máis. (<http://www.xarxatic.com/herramientas-2-0/blogs-webs-y-wikis/>)

1.7.1.- Google Sites.

Google Sites era un produto da empresa JotSpot creada por Joe Kraus e [Graham Spencer](#) até que en 2006 foi adquirida por Google.

Como se indica no propio nome do servizo, Google Sites pertence a Google, ao igual que gmail, maps, youtube e outros, polo que para acceder emprégase o mesmo nome de usuario e contrasinal.

Para crear o teu blog deberás seguir estas sinxelas indicacións:

1. Accede á túa conta de correo de Gmail <http://www.gmail.com>
2. Na barra de Google pulsa en aplicacións (o botón formado por 9 cadradiños).
3. Na fiestra que se despreza, pulsa en Sites. Habitualmente non aparece entre as primeiras opcións e é necesario ir ao apartado de *Aún más de Google*.
4. Cando se abre a fiestra de Sites, pulsa en Crear.
5. Escolle *Plantilla en branco*, é o formato máis doado de traballar.
6. Indica un nome para a páxina web e máis un enderezo, que sempre levará diante <https://sites.google.com/site/> e despois o nome que queiras poñerlle.
7. Podes escoller diversos modelos de deseño. Ten en conta que algúns deses modelos afectan ao idioma no que se vai escribir e poden dar problemas cos ñ e cos tiles das palabras.
8. Xa está creada a túa páxina web. Agora observa que na parte superior esquerda da pantalla tes dous botóns principais, un que dá acceso á edición e outro que permite ir engadindo novas páxinas que ligan a esta principal.

Aquí podes ver un exemplo do emprego dunha páxina web para realizar unha webquest <https://sites.google.com/site/organizaespazo/>. Está dirixida ao alumnado de formación profesional, pero pode ser adaptada para calquera outro nivel educativo.

Unha canle de youtube cunha interesante presentación sobre como deseñar unha páxina web con Google Sites e ademais con suxestións de aplicación na escola: (<https://www.youtube.com/playlist?list=PLclJ8nSI2c7JauLzpxvoTE0JA4wPWA91u>)

1.7.2.- Wordpress.

A primeira versión de WordPress apareceu a comezos de 2004 creada por Matthew Charles Mullenweg e recibiu o nome de Miles na honra de Miles Davis, as sucesivas versións levaron sempre os nomes de outras persoas relacionadas co jazz.

Permite a creación de blogs directamente na nube ou a partir da instalación na propia computadora dun programa de edición de blogs que despois habería que aloxar nun servidor. As orientacións que se dan neste curso son para a edición do blog directamente en Internet.

A creación dun blog con este sistema é moi doada e pódese sintetizar nos seguintes pasos:

1. Accede á páxina de Wordpress <https://gl.wordpress.com>
2. Pulsa en Crear unha conta.
3. Indica unha conta de correo electrónico e un contrasinal.
4. Indica un nome para o blog. Na opción gratuíta aparecerá seguido de wordpress.com.
5. Selecciona se a conta vai ser gratuíta ou de pago.
6. Indica o título e unha liña coa descrición básica do contido.
7. Indica a lingua na que irá escrito.
8. Selecciona o deseño entre os diferentes ofertados, posteriormente poderase cambiar se é necesario.
9. Conecta se queres coas túas contas de Twitter ou Facebook.
10. Comeza a editar as túas entradas.

Existen multitude de tutoriais sobre como crear un blog con WordPress. Este que se presenta está dirixido ao profesorado participante no programa d La Voz de Galicia Prensa-Escuela, mais as orientacións específicas sobre o funcionamento do WordPress son extensibles a calquera persoa usuaria. (<http://www.prensaescuela.es/images/Gua%20de%20blogs%20Prensa-Escuela.pdf>)

1.7.3.- Blogger.

Este servizo de creación de blogs foi creado en 1998 pola empresa Pyra Labs. En 2003 Google mercou esta empresa e actualizou o seu funcionamento, que daría un paso significativo despois da adquisición de Picassa en 2004, o que permitiu a incorporación de imaxes nos blogs.

O feito de formar parte de Google fai que para crear un blog con Blogger sexa necesario unha conta de correo de Gmail. Polo tanto, se queres crear un blog deberás ir á túa conta de correo de Gmail ou crear previamente unha.

Para crear o teu blog deberás seguir estas sinxelas indicacións:

1. Accede á túa conta de correo de Gmail <http://www.gmail.com>
2. Na barra de de Google pulsa en *aplicacións* (o botón formado por 9 cadradiños).
3. Na fiestra que se despreza pulsa en *Blogger*.
4. Pulsa en *Novo blog*.
5. Indica un título e un enderezo que levara a extensión .blogspot.com.

6. Selecciona un dos modelos que se presentan para o deseño do blog.

7. Pulsa en *Crear blog*.

8. Desde este momento xa podes ir creando as túas entradas.

Unha canle de youtube con máis de 30 tutoriais sobre como crear un blog, modificar un modelo, facer unha entrada, etc. (<https://www.youtube.com/playlist?list=PL6E91C271F89F500D>)

1.7.4.- Wikispaces.

Wikispaces é un servizo creado en 2005 que permite aloxar de xeito gratuito wikis. O servizo de creación de wikis é moi fácil e cómodo de empregar.

Permite tres posibilidades de uso: wikis libres nas que o acceso e edición é público, wikis protexidas nas que só persoas rexistradas teñen posibilidade de editar e wikis completamente privados nos que mediante un servizo de pago só determinadas persoas rexistradas poden ver e editar os contidos do wiki.

Entre as principais características de Wikispaces están a de ter un modo de edición moi intuitivo, permitir crear un número ilimitado de páxinas, permitir integrar o wiki nun blog ou permitir xerar un arquivo comprimido de todo o wiki.

É, posiblemente a ferramenta TIC máis apropiada para o traballo colaborativo, pero permite tamén o seguimento das achegas individuais, quedando rexistrado o que escribiu, borrou, engadiu ou modificou cada persoa.

Como noutras ferramentas, a secuencia que deberás seguir depende do tipo de uso que lle queiras dar, pero basicamente deberás realizar os seguintes pasos.

1. Accede ao recurso <http://www.wikispaces.com>
2. Date de alta cun nome de usuario, un contrasinal e un correo electrónico.
3. Se queres que o teu alumnado participe deberás pedirlle que faga o mesmo.
4. Establece as orientacións para o traballo.
5. Crea o teu wiki no que deberá traballar o teu alumnado ou pídelles que o creen eles directamente.
6. Unha vez creado o wiki, podes organizar a información por medio de novas páxinas deseñadas en función dos criterios establecidos, ou facelo o teu propio alumnado.

7. Agora podes incorporar elementos multimedia no wiki: imaxes, vídeos, enlaces a outras páxinas, etc.

Neste vídeo podes ver un pequeno videotutorial sobre como traballar con wikispaces, aínda que existen moitas páxinas, wikis e vídeos con información sobre a edición de wikis con wikispaces. (<http://www.youtube.com/watch?v=WL9xGU2mGo4>)

1.7.5.- PBworks.

PBworks é unha ferramenta de construción de páxinas web, fundada en 2005 por David Weekly en California, poñéndolle o nome de PB polas siglas inglesas de manteiga de cacahuete (peanut butter), xa que se pretendía que o seu uso fose tan simple como untar esta manteiga nunha rebanda de pan. En 2009 cambia o seu nome orixinal de PBwiki polo actual de PBworks.

O seu interese para o uso educativo derivou na creación dun servizo diferenciado con esta finalidade, que é gratuíto aínda que con algunhas restricións na capacidade de almacenamento e de número de persoas que poden editar e outro servizo de carácter comercial con recursos máis avanzados.

Aínda que permite a posibilidade de que o alumnado poida crear as súas propias páxinas, parece que o deseño deste servizo está máis orientado á posibilidade de que sexa o profesorado o que cre a páxina e que logo dunhas indicacións, sexa o alumnado o que comece a traballar nos espazos indicados.

A secuencia de utilización desta ferramenta podería ser a seguinte:

1. Accede a <http://www.pbworks.com/pbworks-basic-edition>
2. É necesario darse de alta indicando unha conta de correo, un nome de usuario e un contrasinal.
3. Unha vez recibida a confirmación de alta xa se pode crear o primeiro wiki.
4. Crea as páxinas necesarias en función dos temas que queiras traballar.
5. Comeza a editar as páxinas.
6. Agora podes autorizar a determinadas persoas (ben do alumnado, doutros compañeiros ou compañeiras de traballo, ou a calquera persoa membro da comunidade educativa) a que editen tamén eses contidos.

Actividade

Os wikis son unha ferramenta moi interesante para a realización de traballos en equipo, neste caso podemos ver unha proposta para desenvolver un curso sobre o programa

Squeak e a súa práctica na aula que foi finalista no Certamen Internacional de Educared 2010 e que está realizado con PBwiki. <http://squeakenelaula.pbworks.com/w/page/10714110/FrontPage>